

## **ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 12 DE XUÑO DE 2020**

De conformidade co artigo 46.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, reúnese telemáticamente o día doce de xuño de dous mil vinte ás oito horas e trinta minutos da mañá o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL  
DONA CRISTINA FRANCO PARDO  
DON MARIO ROUCO REI  
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO CHAO  
DON JESÚS TRASTOY CAMBA  
DON ALBERTO DÍAZ DÍAZ

Da fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.

Sendo as oito horea e trinta minutos da mañá pola Presidencia declarase aberta a sesión.

### **1.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2020**

O Sr. Alcalde-Presidente explica que chegou a Resolución da Xunta de Galicia de data 05.06.2020 na que se aproba conceder 510.304,38€ ao Concello de Muras procedentes do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2020.

Aberto o debate non se producen intervencións.

Sometese a aceptación da subvención a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan aceptar a subvención do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2020.

### **2.- APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E INICIO DO PRODECIMENTO DE LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “ABASTECIMENTO DE AUGA NOS NÚCLEOS DA PARROQUIA DE A Balsa DO CONCELLO DE MURAS**

Vista a resolución de 5 de xuño de 2020 do director Xeral de Administración local na que se acorda concederlle ao Concello de Muras una subvención por importe de 510.304,38€ para o proxecto denominado “Fondo de Compensación Ambiental 2020”

Visto que o Concello de Muras quere levar a cabo o proxecto denominado “Abastecemento de auga aos núcleos da parroquia de A Balsa no Concello de Muras”, obras financiadas con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2020.

Dadas as características da obra, considérase que o procedemento máis axeitado é o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.



Emitiuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Emitiuse informe de Secretaria sobre o prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas.

En virtude da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

Segundo os informes de Secretaria-Intervención, o órgao de contratación e o Pleno municipal

É por elo polo que propono ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

PEIMEIRO.- ACEPTAR a subvención cas condicións contidas nela.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente como representante do Concello de Muras para firmar o modelo de aceptación unha vez sexa aprobado polo Pleno do Concello.

TERCEIRO.- INICIAR o procedemento de licitación do proxecto da obra “Abastecemento de auga aos núcleos da parroquia de A Balsa no Concello de Muras”.

CUARTO.- AUTORIZAR, pola contía de 272.565,62 euros e 57.238,78euros de IVE, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación 161-62300 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2020.

QUINTO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcóns Técnicas que rexerán o contrato da obra denominado “Abastecemento de auga aos núcleos da parroquia de A Balsa no Concello de Muras” por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

SEXTO.- Publicar no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de VINTE DÍAS os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.



Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [www.muras.gal](http://www.muras.gal)

SÉTIMO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante e na sede electrónica do Concello, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate non se producen intervencións.

Sometese o punto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade acordan aprobar o prego de cláusulas administrativas e iniciar o procedemento de licitación.

A Secretaria comunica que para realizar o sorteo dos membros das mesas electorais para as vindeiras eleccións autonómicas, ya que o sistema empregado para celebrar o Pleno telemático e Whatsapp o cal só permite 8 participantes, vai colgar a chamada delegando a Secretaria no funcionario José Orosa Gonzalez, encargado de realizar o sorteo dos membros das mesas electorais.

### **3.- SORTEO ELECCIÓN MEMBROS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS 2020**

Procedese ao sorteo dos membros, sendo o resultado o seguinte:

DISTRITO: 01 SECCIÓN: 001 MESA: A  
COLEGIO PÚBLICO  
RÚA MARGARIDA S/N  
MURAS

PRESIDENTA: Belén Rodríguez Pernas  
PRESIDENTA suplente primeiro: Maria Teresa Uceira Cao  
PRESIDENTA suplente segundo: Begoña Ramudo Riguera

VOCAL primeiro: Yolanda Prieto Permuy  
VOCAL 1º suplente primeiro: Nerea Pajón Pita  
VOCAL 1º suplente segundo: Gonzalo Alfonso Bouza Corral

VOCAL segundo: Jose Manuel Otero Fernandez  
VOCAL 2º suplente primeiro: Carlos Requeijo Penabad  
VOCAL 2º suplente segundo: Bertin Pita Carballido

DISTRITO: 01 SECCIÓN: 001 MESA: B  
ESCUELA VIVEIRÓ  
IGREXA S/N  
VIVEIRÓ



PRESIDENTE: Jesús Ramudo Camba  
PRESIDENTE suplente primeiro: Montserrat Canto Fraga  
PRESIDENTE suplente segundo: Margarita Chao Vazquez

VOCAL primeiro: Carmen Martínez Penabad  
VOCAL 1º suplente primeiro: Maria Carmen Garcia Camba  
VOCAL 1º suplente segundo: Elia Ramil Picos

VOCAL segundo: Cristina Chao Ramil  
VOCAL 2º suplente primeiro: Victor Lamas Cabeza  
VOCAL 2º suplente segundo: Maria Teresa Cabada Carballido

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levantou a sesión as nove horas, da que se estende a presenta acta que asina connigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe

